


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

17-18 de xullo do 2021

XVI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



ON MÁIS
IOLENCIA
E XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a esta celebración da nosa fe. Reunímonos para compartir a vida de Xesús e a nosa en familia, e facémolo no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Cando Xesús quere coñecer as experiencias dos discípulos que enviara a predicar retírase con eles a un lugar apartado para descansar e estar tranquilos. Pero cando chega atópase con que a xente o segue por todas partes e xúntase unha multitude para escoitar a súa Palabra. “*Eran coma ovellas sen pastor*”.

Moitas veces na nosa vida necesitamos de alguén que nos indique o camiño, e máis neste tempo de pandemia. As veces non entendemos decisións que se toman e que pensamos que son arbitrarias, porque non son como a nós nos gustaría que foran. Pero logo, mirando a realidade, temos que admitir que foron adecuadas e responsables.

Sexamos nós tamén responsables uns para os outros e, aínda que doa, tomemos as medidas necesarias para cumprir a normativa que Sanidade nos impón e seguir coidándonos ante estes rebrotes que estamos a vivir.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos agora recoñecer que os nosos feitos non sempre son de proveito á hora de facer crible a Boa Nova do Evanxeo. Temos e queremos pedir perdón:*

Monitor/a:

➤ Porque a nosa vida non mostra a alegría da fe cando a enchemos de rutinas e aparencias.

Señor, ten misericordia con nós.

➤ Porque moitas veces os nosos comportamentos, en vez de achegar, espantan e alonxan aos que non te coñecen.

Cristo, ten misericordia con nós.

➤ Porque moitas veces non temos sido persoas responsables, e quedámonos na comodidade e na crítica.

Señor, ten misericordia con nós.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se esforzan cada día por mellorar a vida dos outros, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración comprometéndonos a vivir conforme o que Xesús nos pide e lembrando aos que están a sufrir os efectos da pandemia.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, ten compaixón dos teus fieis e énchenos cos dons da túa graza.

Aviva en nós a fe, a esperanza e a caridade, para que gardemos sempre con coherencia

o evanxeo que o teu fillo nos convida a vivir.

Pedímoscho a Ti Pai, por Xesucristo o noso irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

As lecturas de hoxe chámannos a tomar conciencia da nosa tarefa de enviados do Señor no medio do mundo. El quérenos sendo exemplo de paz, El quérenos dando unha man a quen a precisa, El quérenos compartindo alegrías e penas, canseiras e triunfos.

Esteamos atentos para facer nosas estas palabras que agora imos escoitar.

LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Vós, que antes estabades lonxe, agora grazas a Cristo Xesús estades cerca, no sangue de Cristo. El é a nosa paz: o que dos dous pobos fixo un só, derrubando a medianeira divisoria -a inimizade-, e abolindo na súa carne aquela Lei de mandamentos e normas, para crear en si mesmo cos dous unha nova humanidade, facendo a paz; e reconciliando con Deus ámbolos dous nun único corpo por medio da cruz, matando nel mesmo a inimizade. El veu e anunciou a paz: paz para vós -os de lonxe-, e paz para os que estaban cerca: porque por el temos uns e outros acceso ao Pai, nun mesmo Espírito.

Palabra do Señor

♪ 41 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) Mc 6,30-34 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Cando voltaron a reunirse con Xesús, os apóstolos contáronlle canto fixeran e ensinaron.

El díxolles:

- Vide vós comigo a un lugar arredado, e descansade un pouco.

Eran moitos os que ían e viñan, e nin para comer atopaban tempo.

Fóronse sos na barca a un lugar arredado. Pero, ao velos marchar, a xente foinos seguindo por terra desde todas as vilas, e chegaron primeiro ca eles. Así, cando desembarcaron, atopouse cunha grande multitude. El, conmovido, porque eran coma ovellas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Cando, coma cristiáns pretendemos vivir a fe con rutinas e costumes que xa non nos din nada, somos coma ovellas sen pastor.

Cando, aos refuxiados se lles erguen muros, cando sofren intolerancia, son coma ovellas sen pastor.

Cando, non coidamos a natureza, cando non temos conciencia ecolóxica, cando non queremos ver que as inundacións en Alemaña son resultado do cambio climático, somos coma ovellas sen pastor.

Cando, as mulleres sofren violencia de xénero, cando os homes se cren máis que elas, somos coma ovellas sen pastor.

Cando poñemos a nosa liberdade e os nosos dereitos por enriba dos coidados que os demais se merecen, somos coma ovellas sen pastor.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro de igrexa que se fai en fogar, renovamos os nosos compromisos con Xesús, e queremos coma EL, anunciar o Evanxeo sabendo estar á beira da xente. Dicimos

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Crede en Deus Pai, que a súa imaxe e semellanza, nos convida a sermos testemuñas de que o seu amar necesita hoxe das nosas mans para facerse realidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús, que, coma cos discípulos, comparte á nosa beira participando dos nosos esforzos e canseiras?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo, que nos alenta como familia para que nas nosas parroquias sigamos facendo evanxeo ao xeito de Xesús?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na igrexa, comunidade viva, chamada a facer crible o evanxeo dende os camiños da paz, a acollida e a tolerancia?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Xesús, e como Igrexa poñamos nas súas mans os nosos mellores desexos para esta familia na que vivimos, agradecendo todo o que de bo hai entre nós. Oremos dicindo:*

SEÑOR, QUEREMOS FACER A TÚA VONTADE

Monitor/a:

- ✓ Señor, Ti chámashos para que saibamos acougar e coller tempo para coidar de nós mesmos. Rezamos
- ✓ Señor, chámashos á compartir cos demais as nosas vidas, para poñer ilusión e entusiasmo en todo o que somos e facemos. Rezamos
- ✓ Señor, chámashos para non calar a traxedia dos refuxiados, para non deixarnos levar pola resignación e o medo a fracasar. Rezamos
- ✓ Señor, chámashos para seguir mellorando esta nosa comunidade cristiá. Rezamos
- ✓ Señor, chámashos a ser coidadosos con nós mesmos, cos outros e con todo nestes momentos difíciles que estamos a vivir. Rezamos

Celebrante: *Escoita, Señor, as nosas pregarías, e énchenos do alento que te levaba a estar sempre á beira dos veciños facéndote crible. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Sentíndonos irmáns de todos, e de xeito especial dos nosos veciños e veciñas, rezamos coma nos ensinou Xesús a Deus, que é Pai de todos. Rezamos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El sexamos tamén nós EVANXEO CRIBLE nestes momentos de pandemia e dificultade, sabendo que o evanxeo faise dende a igualdade, faise con respecto, faise con tolerancia, faise con todas as mans atrevidas para coidar. Fixérono os discípulos, fagámolo nós tamén.*

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Xesús acóllenos a todos sen distincións para que nos deamos conta de que todos valem a pena para facer crible o Evanxeo. Aprecemos todo o que de bo hai á nosa beira, entre os nosos veciños e veciñas. E sintámonos orgullosos e ditosos por estar invitados a facer crible a Boa Nova do Señor.*



Ide e pegoade

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, asiste con bondade á túa familia. Ti que nos enriqueces con esta xuntanza de amor, fainos ser testemuñas do evanxeo nas palabras e nos feitos desta semana que temos por diante, de xeito que os froitos do noso camiñar sexan responsables e coherentes con Xesucristo, noso Señor, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús cremos que vale a pena facer evanxeo na sinxeleza da vida compartida.

Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser exemplo dun mundo que respecta, na igualdade e nas diferenzas.

E con Xesús queremos dar grazas aos veciños e veciñas da parroquia que son para todos un bo exemplo na vida e na fe.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



“Os discípulos cóntalle a Xesús a experiencia vivida de ir e pregoar o EVANXEO”

